



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Problemas sociais, xustiza xuvenil e educación		Código	652439027
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Iglesias Galdo, Ana Maria		Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es
Profesorado	Iglesias Galdo, Ana Maria		Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es
Web				
Descrición xeral	<p>Propoñémonos afondar sobre dous grandes mitos que persisten historicamente en relación ó binomio escolarización obrigatoria e delincuencia xuvenil. Por unha banda someteremos a análise a pretendida neutralidade e obxectividade da escolarización, e por outra, e intimamente ligada a esta, profundizaremos en torno á relación de oposición entre a xurisdición de menores e a escolaridade obrigatoria, ao destacar o fracaso escolar como un dos factores máis característicos do perfil da delincuencia xuvenil.</p> <p>Lonxe de naturalizarmos a bondade social da escolaridade queremos averiguar en que medida ten parte de responsabilidade na construción da carreira delincente, en tanto o sistema educativo non consegue conciliar a gran diversidade de intereses, de actitudes e de expectativas que entran na escola coa homoxeneidade que implica a selección do currículo común, pero tamén obrigatorio, para toda a infancia.</p> <p>Convertemos en problema a categoría ?fracaso escolar?, e lonxe de identificalo coa non consecución dos obxectivos de etapa, ou o abandono antes de rematar o período de escolaridade obrigatoria, pretendemos ampliar o enfoque para captar outros significados referidos ao que aprenden estes menores en torno á súa valía, ás súas capacidades, aos seus esforzos, ás súas motivacións, para valorarmos así en que medida senten o éxito ou o fracaso escolar e os efectos que esta aprendizaxe ten sobre das súas identidades.</p> <p>Para finalizarmos esta chispa que se produce ao entrar en contacto o sistema educativo co xudicial e, tendo en conta que a media de idade dos rapaces se sitúa no límite da escolaridade obrigatoria, poñeremos en relación o aprendido na experiencia escolar coas expectativas laborais, pois as especiais dificultades na procura de emprego na actualidade fan que a educación, se ben non garante un traballo, si se converte no principal requisito na súa procura</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer proxectos de innovación socioeducativa destinados a disminuir o fracaso escolar.	AI3		
	AI4		
	AI11		
Profundar no papel da escolarización obrigatoria na definición da adolescencia delincente	AI1		
	AI5		
	AI11		
Coñecer a historia do presente do campo da xustiza xuvenil	AI1		
	AI3		
	AI25		



Afondar e someter a crítica algunhas das evidencias, das teorías tácitas que habitan o campo da xustiza de menores	AI1 AI3 AI5 AI25 AI32		
Analizar os efectos do fracaso escolar nas identidades das infancias socialmente vulnerables	AI1 AI3 AI5 AI25 AI32		

Contidos	
Temas	Subtemas
Escolarización obligatoria e xustiza xuvenil: apuntamentos históricos.	
A xustiza de menores: entre a educación e o castigo	
Xénero e desviación social	
Desigualdades sociais en educación	
O fracaso escolar como experiencia educativa	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	10	20	30
Actividades iniciais	3	0	3
Proba de ensaio	0	6	6
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	3	3
Portafolios do alumno	0	12	12
Análise de fontes documentais	7	14	21
Atención personalizada	0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Estudo intensivo dos contidos presentados no temario, favorecendo a participación e discusión argumentada de todo o grupo, así como a elaboración de documentos e conclusións individuais.
Actividades iniciais	Actividade que ten unha dobre finalidade. Por unha banda coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o estudantado para asegurar o logro dos obxectivos que se queren alcanzar e, por outra, expricar o programa previsto axustandoo, na medida do posible, ás necesidades do grupo.
Proba de ensaio	Proba final na que se solicita a elaboración por escrito dun documento en relación ó traballado, valorando a capacidade de razoamento, argumentación, relación, crítica, de síntese, e creatividade do estudantado; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento no ámbito de menores en desprotección e conflito social.
Portafolios do alumno	Contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado durante todo o curso como: apuntes ou notas do seminario, das visitas ou eventos, o estudo de casos, así como a análise de fontes documentais e a proba de ensaio, xunto cos comentarios feitos pola profesora.



Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) que son relevantes para afondar sobre da relación entre a política educativa e a da xustiza de menores
-------------------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Actividades iniciais Portafolios do alumno Análise de fontes documentais	Implica a asistencia e participación do alumnado, así como ter en conta as orientacións dadas pola profesora na a elaboración dos diferentes traballos solicitados.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Seminario	Estudo intensivo dos contidos presentados no temario, favorecendo a participación e discusión argumentada de todo o grupo, así como a elaboración de documentos e conclusións individuais.	30
Actividades iniciais	Actividade que ten unha dobre finalidade. Por unha banda coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o estudantado para asegurar o logro dos obxectivos que se queren alcanzar e, por outra, explicar o programa previsto axustandoo, na medida do posible, ás necesidades do grupo.	10
Proba de ensaio	Proba final na que se solicita a elaboración por escrito dun documento en relación ó traballado, valorando a capacidade de razoamento, argumentación, relación, crítica, de síntese, e creatividade do estudantado; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento no ámbito de menores en desprotección e conflito social.	10
Portafolios do alumno	Contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado durante todo o curso como: apuntes ou notas do seminario, das visitas ou eventos, o estudo de casos, así como a análise de fontes documentais e a proba de ensaio, xunto cos comentarios feitos pola profesora.	20
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) que son relevantes para afondar sobre da relación entre a política educativa e a da xustiza de menores	10

### Observacións avaliación

--

### Fontes de información

Bibliografía básica	- () . . - () . .
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías